

AGOSTO 2020

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Agosto 2020

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19
VIAXEIROS	5.892.395	-54,8%	401.345	-39,3%
NOITES	16.802.742	-64,3%	924.618	-40,8%
ESTADÍA MEDIA	2,85	-21,1%	2,30	-2,5%
% OCUPACIÓN	44,20%	-32,66	44,63%	-22,77
% OCUPACIÓN Fds	47,00%	-30,64	48,89%	-19,13

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

Os datos da Enquisa de Ocupación Hoteleira do mes de agosto son os primeiros completos desde o mes de marzo, cando a raíz da declaración do estado de alarma pecháronse os establecementos de aloxamento e establecéronse medidas de restrición da mobilidade da poboación durante varias semanas, de aí que só dispoñamos de cifras xerais de Galicia para os meses de marzo, abril, maio e xuño.

Desde o día 21 de xuño, e de acordo ao Real Decreto 555/2020, finaliza o estado de alarma permitíndose a mobilidade da poboación en todo o territorio estatal. Nese contexto de eliminación das restricións con carácter xeral, o INE estima que neste mes de agosto abriron en Galicia un total de 1.570 establecementos hoteleiros –dos 1.723 que o fixeron no mesmo período do pasado ano- que ofertaron un total de 65.735 prazas –das máis de 72 mil de agosto de 2019-.

Isto supón unha caída da oferta dispoñible do 8,9%, isto é, neste mes ofertáronse máis do 90% das prazas que habitualmente están dispoñibles no mes de agosto. Tal circunstancia mellora con diferenza os datos dos meses anteriores cando nun contexto de desescalada e restricións de aforo e da mobilidade a oferta dispoñible estaba moi por debaixo dos niveis do pasado ano.

Con carácter xeral os resultados son obviamente negativos rexistrándose caídas importantes en todas as variables.

Fixamos a continuación as principais conclusións:

- Comportamento negativo das principais variables de demanda hoteleira de Galicia. Cae nun 39% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 41% o volume de noites en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este descenso non ten precedentes na serie histórica e leva, por tanto, a rexistrar mínimos de demanda do mes de agosto con pouco máis de 400 mil viaxeiros aloxados e case 925 mil noites – en agosto de 2019 rexistráranse preto de 1,6 millóns-.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de case 260 mil viaxeiros aloxados e de 637 mil noites en relación ao mes de agosto de 2019.
- A nivel estatal obsérvase igualmente un comportamento negativo xeneralizado, con fortes caídas da demanda que van do 16% en Asturias e 17% en Cantabria ao 80% de descenso en Baleares.

Neste sentido, a pesar do descenso xeneralizado obsérvase que destinos do norte peninsular - Asturias e Cantabria neste caso- resisten mellor o forte impacto da crise provocada polo Covid19. Os destinos insulares, moi dependentes do turismo internacional neste caso, e a comunidade de Madrid sofren en maior medida estas consecuencias con caídas que superan o 70% interanual –e acadan o 80% no caso de Baleares-.

- A nivel global a caída da demanda no conxunto de España sitúase no 64,3% para o número de noites.
- Andalucía –con preto de 3,6 millóns de pernотacións hoteleiras- é o destino que neste mes lidera o mercado turístico hoteleiro a nivel estatal –absorbendo o 21,2% do total de España-. Acontece isto por segunda vez neste ano –tamén no mes de xullo- mais por vez primeira na serie histórica pois habitualmente Andalucía fica por debaixo de destinos como Canarias, Baleares ou Cataluña –en función da temporada-.
- Logo de Andalucía, seguen en orde de importancia neste mes Cataluña –con preto de 2,8 millóns de pernотacións-, Baleares –con máis de 2,1 millóns-, Canarias –con algo máis de 1,9 millóns- e a C. Valenciana –con preto de 1,7 millóns neste caso-. Estas cinco comunidades absorben en conxunto ao 72% do total da demanda hoteleira de España. A porcentaxe restante repártese no resto do territorio.
- Galicia ocupa neste mes a sexta posición –por detrás das cinco anteriores- representando o 5,5% do total estatal –porcentaxe superior á que habitualmente rexistra a nosa comunidade-.
- En termos de mercado obsérvase igualmente un comportamento negativo xeneralizado, con importantes descensos dos tres grandes segmentos aínda que con diversa intensidade.
- O turismo interno, dos residentes en Galicia, rexistra unha caída do 14% na cifra de viaxeiros aloxados e do 20% no volume de noites hoteleiras, cifras importantes pero inferiores ás presentadas polos dous restantes segmentos, e inferiores tamén ás que se rexistraban no pasado mes de xullo. Este descenso supón unha perda de pouco máis de 55 mil noites en relación ás cifras de agosto do pasado ano, rexistrando en total máis de 217 mil –a cifra máis baixa dos últimos 16 anos-.
- O turismo nacional presenta unha forte caída do 33% na cifra de viaxeiros aloxados –rexistrando algo máis de 254 mil- e do 37% no volume de noites –con máis de 625 mil neste caso-. En termos absolutos o descenso supón a perda de case 372 mil noites en relación ao dato de agosto do pasado ano, acadando con isto o nivel máis baixo da serie histórica. Con todo, segue a ser o segmento máis importante representando o 68% do total da demanda neste segundo mes do verán.
- O turismo internacional participa igualmente da dinámica negativa pero con peores resultados, na liña do que se vén observando nestes últimos meses. Rexistra unha caída global do 72% no volume de noites hoteleiras como consecuencia dun descenso parello da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 75% neste caso. Con isto o mercado internacional rexistra apenas 82 mil noites nos establecementos hoteleiros de Galicia –en agosto do pasado ano este segmento superaba as 290 mil noites-.
- Neste contexto negativo cambia lixeiramente a estrutura do mercado turístico gañando peso o turismo de ámbito nacional, singularmente o interno –mellora en seis puntos o peso do mercado interno absorbendo o 24% do total, e en catro puntos o receptor nacional co 68%- e perdendo

representatividade o turismo internacional –pasa dunha cuota de mercado do 19% en agosto do pasado ano ao 9% actual-.

- A nivel territorial o comportamento é tamén negativo, con fortes descensos tanto da cifra de viaxeiros aloxados coma do volume de noites nas catro provincias galegas. As caídas da demanda sitúanse no 44% en A Coruña e Lugo, no 31% en Ourense e no 38,5% en Pontevedra – porcentaxes referidas ás pernoctacións-. En termos comparativos son as provincias do sur da comunidade, e singularmente Ourense, as que presentaron os descensos menos acusados.
- Con 436 mil noites Pontevedra é neste mes a provincia que presenta maior nivel de demanda – representa o 47,2% do total de Galicia-. Seguen en orde de importancia A Coruña –co 35% e algo máis de 320 mil noites-, Lugo –co 11,4% e 105 mil noites- e Ourense –provincia que neste mes se sitúa en último lugar co 6,8% do total e algo máis de 63 mil noites-.
- Neste contexto de caídas a estadía nos hoteis e pensións de Galicia descende tamén –un 2,5% en particular-, situándose en 2,3 noites de media. Cae a estadía media por vez primeira nos últimos seis anos, circunstancia que coloca o dato deste 2020 á altura do rexistrado en agosto de 2017.
- A estadía media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición intermedia no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 5,5 noites de media, mentres que Estremadura rexistra a cifra máis baixa, con preto de 1,7 noites neste caso.
- O forte descenso do nivel de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible –tal como se comentou anteriormente o volume de prazas ofertadas cae un 8,9% en relación ao dato do pasado ano-. Con todo este descenso é inferior ao rexistrado do lado da demanda, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación, de case 23 puntos porcentuais, para situarse no 44,6% de media para este mes –en agosto de 2019, cun volume de oferta superior, rexistrouse unha ocupación media do 67,4%-.
- O descenso do nivel de ocupación atinxe a todas as comunidades autónomas, con diversa intensidade. Cantabria marca por unha banda a caída menos acusada, de sete puntos porcentuais, mentres que no lado contrario os descensos máis notorios sitúanse en Baleares –cunha perda de 50 puntos neste caso-.
- Desta maneira o ranking varía levemente en relación ao pasado ano. Cantabria e Asturias son os destinos que neste mes rexistran o nivel de ocupación máis alto de toda España, cun 70,6% de media na primeira e cun 68,2% na segunda. No lado contrario sitúase Madrid, cun 27,2% neste caso. Neste contexto Galicia mellora levemente a súa posición pois pasa de ser a última neste ranking, coa cifra máis baixa, a situarse nunha posición intermedia por diante de dez destinos neste caso.
- As tarifas hoteleiras descenden levemente neste mes, un 0,6% en particular, para situarse en 70,7 euros de ingreso medio por habitación ocupada. É unha caída pouco perceptible que fala máis ben de certa estabilidade, isto é, os prezos medios deste mes de agosto mantivéronse a grandes trazos semellante aos de agosto de 2019.
- Os prezos hoteleiros varían de forma dispar nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría aquelas nas que presenta un comportamento negativo. En síntese, as tarifas caen en once destinos, sendo o descenso máis suave en Galicia e máis acusado en Madrid –co 26% neste caso-. Os prezos mantéñense estables en Castela e León e increméntanse en cinco comunidades –sendo Asturias a que presenta a suba máis destacada cun 8,9%-.

- Con todas as tarifas medias varían sensiblemente dunha comunidade a outra, rexistrando as cifras máis elevadas Baleares –con 133,5 euros de ingreso medio por habitación ocupada- e Andalucía –con 110,0 euros-, e no lado contrario os niveis máis baixos no centro do Estado –Castela e León, Castela A Mancha e Madrid, esta última con 55,1 euros-.
- A caída do nivel de demanda e ocupación, engadido ao leve descenso dos prezos hoteleiros, leva neste mes a un notable empeoramento dos niveis de rendibilidade hoteleira no conxunto da comunidade. O RevPAR hoteleiro cae un 33,9% situándose en 32,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.
- Os establecementos hoteleiros de Cantabria –con 75,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de agosto. No lado contrario Madrid marca o valor máis baixo, con 16,4 euros neste caso.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento negativo a nivel das comunidades autónomas con caídas xeneralizadas do RevPAR hoteleiro que van do 0,7% en Asturias –destino de mellor comportamento en termos relativos- ao 65% en Madrid.
- En termos absolutos, os establecementos hoteleiros de Galicia rexistraron neste mes de agosto uns ingresos totais de case 33,9 millóns de euros, cifra inferior á do mesmo período do pasado ano –cae en realidade un 40,0%-, marcando desta maneira o nivel máis baixo de cando menos esta década.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noches hoteleras. Agosto 2011-20




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Agosto 2020




Fig. 3. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Agosto 2020




Fig. 4. Evolución da estadía media. Agosto 2011-20




Fig. 5. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Agosto 2011-20




Fig. 6. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Agosto 2011-20

